

De flores radiactivas a flores pacifistas

Por SABELA ÁLVAREZ NÚÑEZ

Co misterioso título de **As flores radiactivas**, publicou Agustín Fernández Paz esta novela para rapaces (e rapazas), editada por Ed. Xerais na col. Merlín e que levou o merecidísimo Premio Merlín 89.

A novela encádrase no marco da tradición da novela de aventuras. A súa protagonista, Alba, unha nena adolescente, racha con esa imaxe de heroe masculino tan presente neste tipo de literatura. Alba, caracterizada positivamente pola pluma (ou ordenador) non sexista de Agustín, é a verdadeira heroína do relato con independencia e autonomía nas súas accións e no seu pensamento, movéndose fóra do mundo doméstico —algo tan pouco frecuente na literatura infantil e xuvenil—. Ela pertence ó mundo das aventuras, un mundo que tamén nesta literatura pertence só ós rapaces, converténdose na personaxe principal dunha aventura que vai traspasar fronteiras, dada a incidencia social e mundial do seu descubrimento.

Alba, ademais de se-la personaxe principal do relato, ten outro protagonismo moi importante dentro da historia que é a de ser narradora deste relato a través do seu diario e poñendo, xa que logo, unha voz feminina e unha perspectiva feminina á historia. Ela, xunto cun narrador omnisciente, configuran, alternando as súas voces en capítulos alternos, a estrutura do relato, un relato que se move entre a ficción e a realidade. Estas dúas voces teñen tamén a súa propia función dentro da novela, pois serven para presentar dous mundos e dúas ideoloxías diferentes: a dos ecoloxistas-pacifistas e a dos militares.

Relata a novela como na zona coñecida co nome de Fosa Atlántica, próxima á Fisterra, aparece unha gran mancha branca e brillante sobre a superficie da auga. Debido á falta de noticias oficiais sobre este extraño e inexplicable fenómeno, membros de Adegá, deciden levar adiante a súa propia investigación pero xa en alta mar descubren unha polizona

a bordo. Ela é Alba, que seguía a pista destas investigacións a través do seu irmán, membro de Adegá. Alba decide participar activamente na investigación, pois o seu interese e reflexión, así coma a súa pluma vana enchendo de curiosidade. E será unicamente gracias a ela e ás súas excelentes dotes de nadadora como os membros de Adegá chegarán a descubri-lo misterio da mancha brillante e o poder pacifista das grandes e poderosas margaridas.

A unión ó azar de dúas palabras (neste caso **flor e mar**) —técnica que Rodari denominou binomio fantástico—, son os dous elementos primarios sobre os que se constrúe esta magnífica novela xuvenil. Súmaselle a isto a desbordante maxinación e fantasía de Agustín, unha maxinación que conecta coa dura realidade que lle tocou vivir a Galicia: os verquidos radiactivos. Por último aplicou o adxectivo «radiactivo» (propio dos verquidos) a «flores» para despois desliza-la súa pluma deixándose levar da maxia da palabra para así cautivar co seu poder a rapaces, rapazas e adultos.

Se Jules Verne fixo literatura de anticipación proxectando como sería o futuro baixo as coordenadas do progreso científico, Agustín constrúe a fermosa alegoría de proxectarse tamén cara adiante e maxinar un futuro rexido por unhas flores que espertan sentimentos pacifistas, imposibles de deter.

Imposible de deter é tamén o «virus lector» que hai nas páxinas de **As flores radiactivas**, pois con este libro Agustín ten asegurado gañarse novos lectores, así coma recuperar outros.

Agustín Fernández Paz, embarcado na aventura de escribir, ocupará un lugar importante no espacio da literatura xuvenil. Hai poucos días recibía o Premio Lazarillo coa súa nova obra **Contos por palabras**, primeira vez que a literatura infantil galega acadaba este premio. Vaia pois a felicitación para Agustín e para a literatura galega.